

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

12982 *Real decreto 900/2017, do 6 de outubro, polo que se aproban os estatutos do Consello Xeral de Economistas de España.*

A Lei 30/2011, do 4 de outubro, crea o Consello Xeral de Economistas como corporación de dereito público que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins consonte a lei, e dispón que representa a todos os colexios de economistas e colexios de titulares mercantís que até agora pertencían ao Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e ao Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España.

Así mesmo, dispón que os procesos de unificación dos consellos autonómicos de colexios de economistas e os de titulares mercantís, así como os procesos de unificación dos colexios de economistas e os colexios oficiais de titulares mercantís se rexerán polo disposto na lexislación estatal ou autonómica aplicable e que o Consello Xeral apoiará os consellos autonómicos e os colexios de economistas e de titulares mercantís nos procesos de unificación.

Pola súa parte, a disposición transitoria primeira prevía un prazo de dous anos para elaborar os estatutos provisionais, ao que se deu cumprimento mediante a Orde ECC/402/2013, do 12 de marzo, pola que se ordena a publicación dos estatutos provisionais. Esta publicación produciuse o 14 de marzo de 2013.

Finalmente, a disposición transitoria segunda dispón que, tras a constitución formal do Consello Xeral de Economistas, quedarán disoltos o Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e o Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España, e que, no prazo máximo de seis meses desde a súa constitución, o Consello Xeral de Economistas elaborará os estatutos definitivos de acordo co previsto no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno a través do Ministerio de Economía e Facenda (actualmente Ministerio de Economía, Industria e Competitividade).

En cumprimento de tales disposicións, o Consello Xeral de Economistas elaborou o borrador de estatutos e, logo de seren aprobados polo Pleno do 26 de xuño de 2015, coas adaptacións aprobadas pola Comisión Permanente na súa reunión do 30 de xuño de 2016 e do 14 de setembro de 2017, remitiunos para a súa aprobación mediante real decreto do Goberno.

Os estatutos que o Consello Xeral de Economistas somete á aprobación do Goberno tiveron en conta as modificacións introducidas na Lei de colexios profesionais antes citada, así como as disposicións pertinentes da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, polas que se traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Nos 45 artigos que conforman a regulación dos estatutos do Consello Xeral de Economistas de España recóllense a natureza e as funcións do Consello, os seus órganos de goberno, o réxime económico administrativo e o sistema disciplinario e sancionador.

Ademais, e tendo en conta que estamos ante a fusión de dúas organizacións colexiais que acollían varias titulacións do ámbito económico, para evitar un baleiro legal e até que se aproben os estatutos xerais dos colexios de economistas, este estatuto incorpora nunha disposición transitoria que terán dereito a incorporarse aos colexios territoriais, ademais daqueles que teñan recoñecido o dereito a colexiarse en calquera das dúas organizacións colexiais que se unifican, todas as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que

posúan un título universitario no campo da economía ou da empresa, así como aqueles que teñan un título estranxeiro homologado ou posúan un título recoñecido para o exercicio da profesión.

A aprobación destes estatutos do Consello Xeral de Economistas de España corresponde ao Goberno, de conformidade co establecido no artigo 9.1.b) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

O texto do estatuto someteuse a audiencia pública e conta co informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

Este real decreto dítase en virtude da competencia exclusiva que o artigo 149.1.18.^a da Constitución atribúe ao Estado para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos do Consello Xeral de Economistas de España.*

Apróbanse os estatutos do Consello Xeral de Economistas de España, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación dos estatutos dos consellos xerais suprimidos e dos estatutos provisionais.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nos estatutos que se aproban mediante este real decreto. En particular, quedan expresamente derogadas as seguintes normas:

1. Relativas aos colexios oficiais de titulares mercantís:

a) Decreto do 15 de decembro de 1942 polo que se aproban os estatutos do Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España, e Decreto 3331/1967, do 28 de decembro, polo que se modifican os estatutos do Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís, coa excepción do artigo 12.

b) Orde do 12 de xullo de 1968 pola que se establecen normas para a designación dos membros do Pleno do Consello Superior e das xuntas de goberno dos colexios de titulares mercantís e organismos dependentes, excepto o artigo 1.1, e

c) Orde do 26 de xullo de 1968, complementaria da do 12 de xullo de 1968, pola que se establecen normas para a designación dos membros do Pleno do Consello Superior e das xuntas de goberno dos colexios de titulares mercantís e organismos dependentes.

2. Relativas aos colexios de economistas de España:

a) Decreto do 26 de marzo de 1954 polo que se aproban os estatutos do Colexio Nacional de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais, Sección de Económicas e Comerciais.

b) Decreto 2393/1960, do 22 de decembro, polo que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio de Economistas; Decreto 1634/1970, do 11 de xuño, polo que se modifican determinados artigos dos Estatutos do Colexio Nacional de Economistas, e Decreto 1790/1973, do 5 de xullo, polo que se modifica o parágrafo segundo da disposición adicional 2^a do Decreto 1634/1970, do 11 de xuño.

c) Capítulo II da Orde do 11 de setembro de 1972 sobre aprobación dos estatutos unificados para todos os colexios de economistas de España.

d) Real decreto 1/1998, do 9 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do Consello Xeral de Colexios de Economistas de España.

e) Orde ECC/402/2013, do 12 de marzo, pola que se publican os estatutos provisionais do Consello Xeral de Economistas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Economía, Industria e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO

ESTATUTOS DO CONSELLO XERAL DE ECONOMISTAS DE ESPAÑA

TÍTULO I

Natureza, fins e funcións do Consello Xeral

Artigo 1. *Natureza.*

1. O Consello Xeral de Economistas de España é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, creado pola Lei 30/2011, do 4 de outubro, sobre a creación do Consello Xeral de Economistas (unificación das organizacións colexiais de economistas e de titulares mercantís), e rexido, conforme o disposto por esta, pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, e por estes estatutos.

2. O Consello Xeral de Economistas de España ten por obxecto a coordinación e representación dos colexios de economistas, dos colexios de titulares mercantís e dos colexios de economistas unificados, calquera que sexa a denominación que cada colexio adopte no respectivo territorio.

Artigo 2. *Ámbito.*

1. Os fins e as atribucións do Consello Xeral de Economistas de España contidos nestes estatutos entenderanse referidos aos ámbitos estatal, europeo e internacional.

2. A organización colexial dos economistas estará formada polo Consello Xeral de Economistas de España, polos consellos autonómicos dos colexios e polos colexios territoriais.

Artigo 3. *Fins.*

1. O Consello Xeral de Economistas de España é a corporación que agrupa, coordina e representa nos ámbitos estatal, europeo e internacional, os colexios a que se refire o artigo 1.2 dos presentes estatutos e, a través destes, os profesionais colexiados, e ordena, defende e protexe o exercicio profesional dos colexiados e, así mesmo, protexe os intereses dos consumidores e usuarios dos servizos prestados polos colexiados.

2. No exercicio das súas funcións, o Consello Xeral de Economistas de España velará pola subscripción de convenios de intercambio, de acordos ou calquera clase de

relacións con organizacións similares ou afíns españolas ou estranxeiras, tanto de ámbito nacional como supranacional.

Artigo 4. *Funciós.*

1. O Consello Xeral de Economistas de España terá as seguintes funcións:

A. Función de informe:

a) Emitir informe sobre os proxectos ou anteprojectos de lei ou disposicións de calquera rango do Estado, que se refiran ás condicións xerais da función profesional, entre as cales figurarán o ámbito, os títulos oficiais requiridos, o réxime de incompatibilidades con outras profesións e o de honorarios cando se rexan por tarifas ou aranceis, nos termos establecidos polo artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, incluídas as disposicións de carácter económico-administrativo, tributario, fiscal e contable que afecten a profesión; así mesmo, emitir informe sobre os proxectos ou anteprojectos de modificación da lexislación estatal sobre colexios profesionais e os proxectos ou anteprojectos de disposicións xerais do Estado, en colaboración cos colexios territoriais que afecten concreta e directamente os colexiados, tanto en calquera dos seus ámbitos de actuación, recollidos na normativa vixente, como as disposicións que regulen os plans de estudo dos graos e posgraos da área de economía e empresa que permitan a incorporación á profesión cando lle sexan requiridos polas universidades, nos mesmos termos que os sinalados no parágrafo primeiro desta alínea.

B. Funcións de colaboración:

b.1) Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas polas administracións públicas e colaborar con estas mediante a realización de estudos, emisión de informes e ditames, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle poidan ser solicitadas ou acorden formular por propia iniciativa, incluso a través do exercicio do dereito de petición conforme a lei.

b.2) Participar nos órganos consultivos da Administración xeral do Estado en relación coa profesión, nos termos que sinale a normativa vixente.

C. Funcións específicas de asistencia aos colexios e consellos autonómicos:

c.1) Prestar apoio e asistencia para a actuación dos colexios e dos consellos autonómicos no exercicio das súas competencias.

c.2) Velar polo cumprimento dos estatutos ou outras disposicións dos colexios no que poidan afectar ámbitos territoriais que superen as súas respectivas demarcacións autonómicas ou provinciais, sen prexuízo das competencias dos colexios.

c.3) Fomentar e organizar, no seu ámbito específico, actividades e servizos comúns que teñan por obxecto a promoción profesional e cultural, así como o fomento da ocupación, o perfeccionamento técnico e profesional, o desenvolvemento dos sistemas de información e outros análogos.

c.4) Organizar ou perfeccionar, de estaren xa implantados con carácter nacional, institucións e servizos de asistencia e previsión, e colaborar coas administracións públicas para a aplicación aos profesionais colexiados de sistemas de Seguridade Social e de coberturas de riscos máis adecuados.

c.5) Adoptar as medidas conducentes a evitar a intrusión profesional mediante pautas ou criterios xerais.

c.6) Deixando a salvo as competencias atribuídas aos consellos autonómicos, velar polo cumprimento das condicións exixidas polas leis e estatutos na presentación e proclamación de candidatos para os cargos das xuntas de goberno dos colexios. En caso de que se produzan vacantes de máis da metade dos cargos, adoptar as medidas necesarias para completar provisionalmente as xuntas de goberno dos colexios de acordo co previsto para o efecto nos estatutos dos respectivos colexios. Esta xunta provisional

encargarase da convocatoria de eleccións e exercerá as súas funcións até a toma de posesión dos cargos electos.

c.7) Pór á disposición dos colexios os medios persoais e materiais que requiran para efectos do establecido no artigo 29.

c.8) Atender, a través dos colexios respectivos, as solicitudes de información sobre colexiados, sancións firmes a eles impostas, peticións de inspección ou investigación que formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades e servizos e o seu exercicio, en particular, no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a cal se solicitou.

c.9) Establecer e manter, mediante a agregación de datos subministrados polos colexios, un rexistro central de sociedades profesionais e outro de colexiados dos colexios que conforman o Consello Xeral.

D. Funcións de ordenación interna:

d.1) Coñecer e resolver os recursos que se interpoñan contra os actos dos colexios, na falta de regulación ao respecto por parte da normativa autonómica e sempre que así se prevexa nos estatutos particulares destes e, así mesmo, coñecer e resolver os recursos que se interpoñan contra os actos e acordos do propio Consello Xeral.

d.2) Coñecer e dirimir os conflitos que se poidan suscitar entre os colexios, para o caso de que, de común acordo, lle sometan tal coñecemento e resolución, sen prexuízo das competencias dos consellos autonómicos e do ulterior recurso contencioso-administrativo.

d.3) Adoptar as medidas necesarias para que os colexios cumpran as resolucións do propio Consello Xeral ditadas nas materias da súa competencia.

d.4) Elaborar os seus propios estatutos, que se someterán á aprobación do Goberno, así como aprobar os estatutos dos colexios, e visar os regulamentos de réxime interior dos colexios, salvo que a lexislación sobre colexios profesionais da correspondente comunidade autónoma estableza outra regulación. Así mesmo, o Consello Xeral poderá elaborar uns estatutos xerais para todos os colexios que agrupa e que, oídos estes, serán sometidos á aprobación do Goberno, de conformidade co disposto nos artigos 6 e 9 da Lei de colexios profesionais.

d.5) Aprobar os seus orzamentos e as liquidacións correspondentes, así como regular e fixar equitativamente as achegas dos colexios.

d.6) Dispor, para o ámbito da competencia do Consello Xeral, dun servizo de portelo único, en coordinación cos colexios territoriais, de acordo co establecido no artigo 10 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

d.7) Preparar e publicar unha memoria anual nos termos previstos no artigo 28.

E. Función disciplinaria:

Exercer as funcións disciplinarias con respecto aos membros do propio Consello e aos das xuntas de goberno dos consellos autonómicos e dos colexios de ámbito superior a unha comunidade autónoma e naqueles casos en que non se desenvolvese a competencia por norma ou regulación estatutaria autonómica ou cando se trate de infraccións cometidas polos membros das xuntas de goberno dos colexios por incumprimento das súas obrigacións persoais relacionadas coa súa participación ou coas súas funcións no Consello Xeral.

F. Funcións de defensa e protección dos intereses dos colexiados e de representación destes:

f.1) Actuar ante os poderes públicos estatais ou supraautonómicos na defensa e promoción das lexítimas aspiracións dos colexiados formuladas polos seus respectivos

colexios, co obxecto de canalizar as iniciativas que poidan contribuír a dignificar a profesión e prestar servizos máis eficientes á sociedade española.

f.2) Asumir, no seu ámbito, a representación da profesión de economistas e de titulares mercantís ante calquera organismo e entidade de ámbito estatal, europeo e internacional.

f.3) Manter e potenciar os rexistros e servizos de ámbito estatal dos profesionais que exerzan como auditores, auditores internos, asesores fiscais, expertos contables, expertos en economía forense, así como calquera outro cuxa creación se corresponda cos fins do Consello.

f.4) Crear, suprimir ou modificar os órganos especializados necesarios para o cumprimento de fins do Consello, coa maioría prevista no artigo 25 deste estatuto, delegando naqueles as facultades necesarias para os seus fins específicos.

f.5) Elaborar un código deontolóxico xeral dos colexiados, logo de audiencia dos colexios, que deberá axustarse ao disposto nas leis e ser accesible por vía telemática, a través do portelo único. Cada colexio poderá adaptalo en función do seu correspondente réxime de sancións.

f.6) Participar nos exames de aptitude para o acceso ao Rexistro Oficial de Auditores de Contas, así como designar os membros do tribunal cuxo nomeamento corresponda á institución, segundo o previsto na normativa vixente.

f.7) Intervir, de ser o caso, en vía de mediación ou arbitraje nas cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os colexiados

f.8) Calquera outra que, sen estar comprendida nos anteriores e atribuída pola lexislación vixente, supoña a prestación dun servizo de interese xeral no ámbito estatal en beneficio dos profesionais.

2. As funcións expresadas no número anterior enténdense en canto teñan ámbito ou repercusión nacional ou estatal e sen prexuízo das competencias dos consellos autonómicos e dos colexios territoriais.

Os servizos e actuacións do Consello Xeral no ámbito estatal ao abeiro do número 1 deste artigo poderán ser asumidos ou desenvolvidos, nos seus respectivos ámbitos territoriais, polos colexios que así o manifesten, sen prexuízo da coordinación e colaboración que corresponda ao Consello.

3. Os acordos, decisións e recomendacións do Consello Xeral observarán os límites da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

TÍTULO II

Órganos de goberno do Consello Xeral

Artigo 5. *Enumeración.*

1. Os órganos de goberno do Consello Xeral de Economistas de España son o Pleno, a Asemblea de Decanos Presidentes, a Comisión Permanente e a Presidencia do Consello.

2. Os órganos de goberno teñen plena independencia para o exercicio das funcións que emanan da normativa vixente e destes estatutos, e velarán, en todo caso, pola actuación conxunta e coordinada para o cumprimento dos fins do Consello Xeral de Economistas de España.

CAPÍTULO I

Pleno do Consello Xeral

Artigo 6. *Composición.*

1. O Pleno do Consello estará constituído polo presidente do Consello Xeral e polos conselleiros designados polos colexios territoriais, de acordo cos seguintes criterios:

- a) Cada colexio designará un conselleiro por cada 500 dos seus colexiados.
- b) Os colexios que non alcancen a afiliación prevista no parágrafo anterior designarán un conselleiro.

2. A designación dos conselleiros levaraa a cabo cada colexio na forma que determine a súa normativa propia aplicable e, en caso de non estar establecido, as súas xuntas de goberno. Esta acreditarase mediante certificación dos secretarios dos respectivos colexios.

3. O número correspondente de conselleiros determinarase en función do número de colexiados polos cales o colexio aboe cotas ao Consello Xeral en 31 de decembro do ano anterior a aquel en que se celebre a designación.

Artigo 7. *Estatuto dos membros.*

1. Para ser membro do Pleno do Consello Xeral de Economistas de España é imprescindible non estar incurso en incompatibilidade ou inhabilitación ou incapacidade, decretada nos dous últimos casos mediante sentenza xudicial firme.

2. É incompatible ser membro do Pleno do Consello Xeral co desempeño de calquera cargo nun órgano directivo doutra corporación de dereito público, salvo autorización previa do propio Pleno.

Artigo 8. *Funcións.*

Corresponden ao Pleno todas as funcións atribuídas nestes estatutos ao Consello Xeral e, en concreto:

a) Elaborar os estatutos do Consello Xeral, así como as súas posibles modificacións, e os estatutos xerais da organización colexial, que serán remitidos ao Goberno para a súa aprobación. Aprobar os estatutos dos colexios territoriais, así como as súas modificacións, e visar os seus regulamentos de réxime interior, sen prexuízo do disposto na normativa autonómica.

b) Emitir os comunicados que expresen a opinión do Consello Xeral ante acontecementos de transcendencia no ámbito da economía e da empresa.

c) Aprobar ou rexeitar a xestión da Comisión Permanente, o que dará lugar, de ser o caso, á elección dunha nova comisión permanente.

d) Exixir ao presidente do Consello Xeral a responsabilidade sobre a súa xestión, mediante o debate e a votación da correspondente moción de censura, que deberá ser proposta para a súa admisión a trámite por, ao menos, un terzo dos membros do Pleno do Consello, mediante solicitude de convocatoria expresamente cursada para o dito fin con este único punto da orde do día. A súa aprobación requirirá o voto favorable da metade máis un do número total de conselleiros que integran o Pleno, tanto presentes como ausentes. A aprobación da moción de censura comportará a celebración, dentro do prazo máximo dun mes, de nova elección de presidente do Consello e dos membros da Comisión Permanente. Entrementes, continuarán un e outros en funcións até a toma de posesión dos novos cargos electos.

e) Constituír, disolver e modificar os órganos especializados que sexan necesarios para o cumprimento dos fins do Consello, establecendo o seu regulamento de funcionamento.

f) Exercer as facultades disciplinarias respecto dos membros do propio Consello e das xuntas de goberno dos consellos autonómicos e dos colexios de acordo co establecido no artigo 4.1.E.

g) Elixir os vogais da Comisión Permanente.

h) Establecer as normas sobre incompatibilidades para os cargos do Consello Xeral.

i) Aprobar para cada exercicio económico os orzamentos ordinarios e extraordinarios do Consello, así como as contas anuais do exercicio anterior, incluída a memoria anual da institución colexial de economistas, de acordo co artigo 11 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

j) Nomear, por proposta da Comisión Permanente, o auditor exercente que realizará a auditoría das contas anuais do Consello Xeral de Economistas.

k) Elaborar, aprobar e facer cumprir o Regulamento de honras e distincións do Consello Xeral.

Artigo 9. *Reunións.*

1. O Pleno será convocado polo presidente con carácter ordinario dúas veces ao ano: a primeira, para aprobar os orzamentos e, a segunda, para aprobar as contas anuais e examinar a xestión da Comisión Permanente. En calquera dos plenos ordinarios, ademais dos puntos da orde do día anteriormente referida, poderá incluírse calquera outro, cando así o decida o presidente, unha vez oída a Comisión Permanente. Con carácter extraordinario, convocarase o Pleno por iniciativa da Comisión Permanente ou do presidente ou cando o soliciten, ao menos, un terzo dos seus membros.

2. A convocatoria detallará a orde do día, será cursada cunha antelación mínima de vinte días hábiles e incluírá os orzamentos ou as contas anuais, segundo corresponda, así como os documentos que vaian ser sometidos a aprobación.

3. Cando a reunión sexa de carácter extraordinario, a convocatoria poderase efectuar cunha antelación de ao menos dez días hábiles, excepto cando se trate de debater a moción de censura, suposto en que o prazo non poderá ser inferior a quince días hábiles.

4. Promoverase a utilización de medios electrónicos para a convocatoria e para a celebración de reunións sempre que sexa posible e no caso de que as condicións tecnolóxicas o permitan.

Artigo 10. *Constitución e adopción de acordos.*

1. O Pleno do Consello Xeral quedará validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus compoñentes presentes ou representados. De non existir este quórum, o Pleno constituirase en segunda convocatoria media hora despois da sinalada para a primeira e, neste caso, será necesario que asistan representantes de, ao menos, dez colexios.

2. Os conselleiros poderán delegar por escrito a súa representación e voto noutros membros do Pleno. A delegación da representación e voto será específica para cada sesión e farase por escrito conforme o modelo remitido xunto coa convocatoria. A delegación deberá ser acreditada ao inicio da sesión ante o secretario do Pleno do Consello. Unha vez iniciada a sesión, os conselleiros, se se teñen que ausentar ao longo dela e deciden outorgar a delegación da súa representación e voto para os puntos da orde día pendentes, faranllo constar expresamente ao secretario. As delegacións de representación e voto conservaranse nos arquivos da secretaría do Consello.

3. Os acordos do Pleno serán tomados por maioría simple dos membros presentes ou representados, salvo para a modificación dos estatutos, así como para a execución das funcións recollidas nos artigos 8.a) e 8.b), para o cal se necesitará unha maioría de dous terzos dos votos emitidos polos seus membros presentes ou representados.

CAPÍTULO II

A Asemblea de Decanos Presidentes

Artigo 11. *Composición e funcións.*

1. A Asemblea de Decanos Presidentes está constituída polo presidente do Consello Xeral e polos decanos presidentes de todos os colexios que conforman o Consello Xeral. Os decanos membros da Asemblea renoveranse segundo a duración do cargo que desempeñen no seu respectivo colexio.

2. Corresponde á Asemblea de Decanos Presidentes:

a) A elección do presidente do Consello.

b) Emitir informe preceptivo sobre as materias seguintes:

1.º Os proxectos de normas básicas que afecten a organización profesional dos economistas e dos titulares mercantís.

2.º Os comunicados que expresen a opinión do Consello Xeral ante acontecementos de transcendencia para o colectivo.

3. Así mesmo, a Asemblea de Decanos Presidentes poderá ser convocada, con carácter de órgano consultivo e deliberante, para debater calquera proxecto, iniciativa ou comunicación cando así o determine a Comisión Permanente.

Artigo 12. *Convocatoria e reunións.*

1. A Asemblea de Decanos Presidentes reunirse cando sexa convocada polo presidente do Consello Xeral ou cando así o solicite unha terceira parte dos seus membros.

2. As regras sobre convocatoria, constitución, adopción de acordos e orde do día serán as que rexen para o Pleno, excepto cando se convoque para elixir o presidente do Consello Xeral, caso en que se observará o disposto no artigo 16.

3. Cando existan razóns de urxencia, a convocatoria poderá notificarse con corenta e oito horas de antelación.

CAPÍTULO III

A Comisión Permanente

Artigo 13. *Composición.*

1. A Comisión Permanente está composta polo presidente do Consello Xeral e un mínimo de 10 e un máximo de 18 vogais elixidos polo Pleno, por proposta do presidente e entre os cales serán designados o vicepresidente primeiro, o vicepresidente segundo, o secretario, o vicesecretario, o tesoureiro, o interventor contador, o vicetesoureiro, o viceinterventor contador, así como calquera outro cargo que a Comisión Permanente aprobe para o desenvolvemento dos fins. Para poder formar parte da Comisión Permanente será necesario contar con, ao menos, cinco anos de colexiación.

2. A Comisión Permanente será elixida polo Pleno do Consello por maioría de dous terzos dos membros presentes ou representados, por un período de catro anos. Os seus membros poderán ser reelixidos até por tres períodos de catro anos.

Os membros da Comisión Permanente poderán ser individualmente separados por decisión do Pleno por proposta do presidente.

3. A elección da Comisión Permanente poderá realizarse en convocatoria ordinaria ou extraordinaria do Pleno, convocado coa antelación mínima prevista no artigo 9, o que se fará constar expresamente na orde do día do Pleno. A proposta da composición da Comisión Permanente será efectuada polo presidente no mesmo Pleno en que se prevexa a súa elección.

4. No caso de que a mencionada proposta non obteña a maioría establecida no número anterior, o presidente poderá formular unha nova proposta, que deberá obter a mesma maioría de dous terzos dos membros presentes ou representados. De non se acadar na segunda votación esa maioría, deberá formular unha nova proposta a maioría dos membros de dereito do Pleno, que deberá obter para a súa válida elección a maioría absoluta dos membros presentes ou representados.

5. Os membros da Comisión Permanente elixidos tomarán posesión na seguinte sesión tras a súa elección polo Pleno.

6. A composición da Comisión Permanente será comunicada por escrito aos colexios territoriais e aos consellos autonómicos nos tres días seguintes ao da toma de posesión dos seus membros. Cando algún membro non poida tomar posesión na sesión correspondente, farao na máis próxima posible.

Artigo 14. *Funcións.*

1. Corresponden á Comisión Permanente todas aquelas funcións que non sexan da competencia exclusiva do Pleno, da Asemblea de Decanos Presidentes ou do presidente do Consello, pero que son necesarias e inherentes ao funcionamento e actividade do Consello Xeral de Economistas de España, así como resolver os asuntos urxentes, e aqueles que lle delegue expresamente o Pleno e de cuxa resolución dará conta a este na súa primeira sesión.

2. Corresponde, así mesmo, á Comisión Permanente:

a) Efectuar as propostas ao Pleno das cotas a que se refire o artigo 30 nas súas alíneas a) e b) para que o Pleno poida, de ser o caso, ratificalas.

b) O nomeamento dun instrutor que, de acordo co Regulamento de honras e distincións, eleve á Comisión Permanente un informe razoado acerca dos méritos e dos servizos prestados á profesión e á sociedade por persoa ou entidade pública ou privada, española ou estranxeira, e a proposta que corresponda.

c) A tramitación e resolución dos recursos ordinarios, segundo o disposto no artigo 33.2.

d) A apertura de expediente disciplinario e o nomeamento de instrutor e secretario deste, de acordo co previsto no artigo 38.

e) Formular os orzamentos ordinarios e extraordinarios do Consello para cada exercicio económico. Así mesmo, e dentro dos tres meses seguintes ao peche do exercicio, elaborar a memoria anual da institución colexial de economistas e formular as contas anuais do exercicio anterior, de acordo co marco normativo de información financeira establecido no Plan xeral de contabilidade e as súas adaptacións sectoriais e o resto de normativa contable española que resulte de aplicación, que reflectirán a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do Consello Xeral.

f) Coordinar e impulsar as actividades do Consello Xeral en coordinación co presidente.

g) Nos cinco días hábiles seguintes á súa presentación, a Comisión Permanente proclamará as candidaturas a presidente do Consello Xeral que reúnan os requisitos establecidos, tal e como establece o artigo 16.3.

3. A Comisión Permanente poderá delegar expresamente e por escrito en varios ou nun dos seus membros as funcións que lle son propias e deberá dar conta do realizado na inmediata reunión que se realice para a súa ratificación pola propia Comisión Permanente.

4. A Comisión Permanente dirixirá a política de recursos humanos do Consello Xeral de Economistas.

Artigo 15. *Reunións e adopción de acordos.*

1. A Comisión Permanente reunirse, ao menos, unha vez ao trimestre con carácter ordinario, por convocatoria do presidente. Deberá ser convocada, igualmente, cando o solicite, ao menos, un terzo dos seus membros. A convocatoria será cursada, xunto coa orde do día, cunha antelación mínima de dez días hábiles, salvo razóns de urxencia, en que se poderá facer con corenta e oito horas de antelación. A convocatoria e a realización das reunións da Comisión Permanente poderán facerse mediante a utilización de medios electrónicos e telemáticos.

2. Poderanse incorporar á orde do día fixada polo presidente todas as cuestións solicitadas por, ao menos, un terzo dos membros até cinco días antes da data da convocatoria. Deberase ratificar ao principio da sesión a súa inclusión por maioría simple.

3. Os acordos da Comisión Permanente adoptaranse por maioría simple dos seus membros presentes ou representados. O voto poderá exercerse persoalmente ou por delegación da representación e voto noutro membro da Comisión Permanente, outorgada por escrito para a sesión específica, representación que será acreditada ante o secretario ao inicio da sesión.

4. A Comisión Permanente poderá constituír un Comité de Coordinación, integrado polo presidente, os dous vicepresidentes, o secretario, o vicesecretario, o tesoureiro, o interventor contador, o viceteseoureiro e o viceinterventor. O Comité de Coordinación terá as funcións preparatorias e, de ser o caso, executorias do acordado pola Comisión Permanente e dará conta do acordado e executado ante a Comisión Permanente seguinte, que deberá ratificar os acordos que adoptase entre reunións desta.

CAPÍTULO IV

O presidente

Artigo 16. *O presidente. Designación. Duración do mandato.*

1. Para ser candidato á Presidencia do Consello Xeral requírese:

a) Encontrarse no exercicio da profesión e contar con, ao menos, cinco anos de colexiación.

b) Contar co aval dos decanos que representen, ao menos, ao dez por cento dos colexios territoriais e que, pola súa vez, agrupen, ao menos, o dez por cento dos colexiados do censo nacional de colexiados.

2. As candidaturas á presidencia do Consello Xeral, acreditando o cumprimento dos requisitos sinalados no número anterior, formalizaranse ante a Secretaría Xeral do Consello dentro dos vinte días hábiles seguintes ao da convocatoria das eleccións.

3. A citada convocatoria comunicarase a todos os colexios para que a publiquen nas súas páxinas web. Nos cinco días hábiles seguintes ao da súa presentación, a Comisión Permanente proclamará as candidaturas que reúnan os requisitos establecidos.

4. O presidente será elixido pola Asemblea de Decanos Presidentes en reunión convocada para o efecto, cunha antelación mínima de trinta días hábiles á data en que se produza ao termo do seu mandato.

5. Será proclamado presidente quen, en primeira votación na Asemblea de Decanos Presidentes, obteña o voto favorable das dúas terceiras partes dos seus membros. A votación será nominal e secreta. Cada decano presidente conta cun voto, salvo os que o sexan de colexios que contan con máis de mil colexiados, que terán dous votos. En caso de non alcanzar esa maioría, terá lugar unha nova votación á cal unicamente poderán pasar os dous candidatos máis votados. Terá lugar dúas horas despois da anterior e requirirase idéntica maioría de dous terzos de membros.

De non obterse esa maioría convocarase de novo a Asemblea de Decanos Presidentes para unha data comprendida entre os quince e trinta días hábiles seguintes. Na nova votación, para ser proclamado presidente requirirase o voto da maioría absoluta dos membros da Asemblea. De non obter ese quórum, procederase a unha nova votación, inmediatamente despois da anterior, en que se requirirá maioría simple.

6. Proclamado o resultado do escrutinio, o elixido tomará inmediata posesión do cargo ante a propia Asemblea.

7. A duración do mandato do presidente será de catro anos e poderá ser reelixido unicamente para un segundo mandato. O cesamento do presidente por renuncia ou calquera outra causa dará lugar a nova elección pola Asemblea de Decanos Presidentes, e asumirá interinamente a presidencia o vicepresidente primeiro ou, en caso de cesamento ou renuncia deste, o vicepresidente segundo. En caso de cesamento ou renuncia de ambos os vicepresidentes, a Comisión Permanente elixirá un novo vicepresidente, que exercerá o seu mandato polo tempo que reste até a elección dun novo presidente.

8. O presidente poderá ser separado se incorre en incompatibilidade ou inhabilitación ou incapacidade, decretada nos dous últimos casos mediante sentenza xudicial firme.

Artigo 17. *Funcións.*

1. Corresponden a quen exerza a Presidencia do Consello as funcións seguintes:

- a) Convocar e presidir, fixando a orde do día, as sesións do Pleno, da Asemblea de Decanos Presidentes, da Comisión Permanente e do Comité de Coordinación, e decidir os empates con voto de calidade.
- b) Representar o Consello Xeral ante todo tipo de autoridades, organismos e persoas físicas e xurídicas, exercer a función máxima de administración do Consello, sen prexuízo das facultades que correspondan ao Pleno ou á Comisión Permanente, así como a xefatura dos servizos e do persoal do Consello Xeral.
- c) Exercer as accións legais que corresponda levar a cabo ao Consello Xeral, así como representar este e os seus órganos en xuízo e fóra del. Poderá outorgar e revogar poderes xerais para preitos en nome do Consello Xeral.
- d) Coordinar e impulsar a actividade do Consello Xeral e cumprir e facer cumprir os acordos adoptados polos órganos do Consello dentro da súa competencia.
- e) Adoptar as resolucións que procedan por razóns de urxencia entre os períodos de sesións do Pleno do Consello e da súa Comisión Permanente, e dar conta á Comisión Permanente ou ao Pleno, segundo corresponda, das decisións adoptadas, para a súa ratificación na sesión seguinte.
- f) Visar os nomeamentos e certificacións do Consello Xeral.
- g) Exercer as funcións delegadas polo Pleno ou pola Comisión Permanente e dar conta do realizado pola dita delegación.
- h) Exercer cantas outras lle atribúa a normativa vixente na súa condición de presidente.

2. O presidente poderá delegar o exercicio das funcións anteriores nun ou en varios dos membros da Comisión Permanente, que deberán dar conta da súa actuación a esta na primeira reunión que se realice, para a súa aprobación. Así mesmo, poderá crear os órganos de apoio, permanentes ou temporais, que teña por conveniente e designar os seus titulares.

CAPÍTULO V

Outros cargos do Consello

Artigo 18. *Vicepresidentes primeiro e segundo.*

Aqueles que desempeñen a Vicepresidencia Primeira e Segunda, por esta orde, substituirán o presidente en caso de ausencia ou enfermidade, así como no suposto de vacante até a elección dun novo presidente. En caso de ausencia ou enfermidade de quen exerza as vicepresidencias, presidirá o Consello o membro do Pleno con maior antigüidade e, no caso de ter a mesma antigüidade, o de maior idade. Igualmente, exercerán, por delegación de quen exerza a Presidencia, as funcións que este lles encomende.

Artigo 19. *Secretario.*

1. Corresponde ao secretario do Consello:

- a) Manter ao día os libros de actas e custodiar os selos e documentos oficiais do Consello Xeral.
- b) Expedir as certificacións que procedan, así como as comunicacións, ordes e circulares aprobadas polos órganos do Consello e autorizar co visto e prace do presidente, os libramentos para os pagamentos que se teñan que verificar.
- c) Expedir e facer chegar as convocatorias das reunións dos órganos do Consello. Redactar acta das reunións do Pleno, da Comisión Permanente e dos órganos do Consello, en que expresará a data e hora da reunión, os asistentes e os acordos adoptados que recollerán, cando se solicite, as opinións contrarias ao acordo adoptado e expresará os votos favorables e desfavorables ao acordo, así como se o voto foi persoal ou por delegación. As propostas respecto das cales non formule obxeccións ningún asistente á reunión entenderanse aprobadas por asentimento.

A acta recollerá se se adoptou o acordo por asentimento ou por votación e, neste caso, se o foi por maioría ou por unanimidade.

d) Dirixir os servizos administrativos e o persoal do Consello, no marco das directrices en materia de recursos humanos da Comisión Permanente.

e) Velar polo funcionamento do portelo único e do servizo de consumidores e usuarios.

f) Velar polo funcionamento do Rexistro Xeral de Colexiados e do Rexistro Central de Sociedades Profesionais.

g) Exercer os apoderamentos procesuais ou procedementais que lle sexan outorgados polos órganos competentes do Consello.

2. O secretario seguirá as directrices da Comisión Permanente para o exercicio das citadas funcións, dando conta da súa actuación na seguinte reunión da dita Comisión.

Artigo 20. *Vicesecretario.*

O vicesecretario substituirá a quen desempeñe a secretaría en caso de ausencia ou enfermidade, así como no suposto de vacante até o proceso electoral máis próximo. En caso de ausencia ou enfermidade de quen desempeñe a Vicesecretaría, substituirao o membro do Pleno con menor antigüidade nel e, no caso de ter a mesma antigüidade, o de menor idade.

Artigo 21. *Tesoureiro.*

Corresponde ao tesoureiro:

a) Propor o necesario para a boa administración e contabilidade dos recursos do Consello, subscribindo os documentos de disposición de fondos, contas correntes e depósitos en unión do presidente ou do vicepresidente primeiro do Consello ou de quen designe a Comisión Permanente.

b) Cobrar todas as cantidades que por calquera concepto deban ingresarse no Consello, autorizando coa súa sinatura os recibos correspondentes e pagar todos os libramentos expedidos.

c) Informar a Comisión Permanente sobre a situación de cumprimento das previsións orzamentarias de ingresos e gastos.

d) Controlar o cobramento das cotas e propor a adopción das medidas procedentes nos casos de demora ou falta de pagamento.

e) Redactar o anteproxecto dos orzamentos anuais.

Artigo 22. *Interventor contador.*

Corresponde ao Interventor contador:

a) Intervir os documentos de cobramento e pagamento.

b) Levar os libros e demais rexistros contables necesarios para o control dos ingresos e gastos do Consello Xeral

c) Elaborar a contabilidade e as contas anuais

d) Realizar o inventario dos bens do Consello Xeral

Artigo 23. *O vicetesoureiro.*

O vicetesoureiro substituirá o tesoureiro en caso de ausencia ou enfermidade, así como no suposto de vacante até o proceso electoral máis próximo.

Artigo 24. *O viceinterventor.*

O viceinterventor substituirá a quen desempeñe o cargo de interventor contador en caso de ausencia ou enfermidade, así como no suposto de vacante até o proceso electoral máis próximo.

CAPÍTULO VI

Os órganos especializados e os grupos de traballo

Artigo 25. *Órganos especializados.*

1. O Pleno do Consello Xeral poderá, mediante norma regulamentaria de réxime interior, constituír, suprimir ou modificar os órganos especializados necesarios para o cumprimento de fins e funcións do Consello, delegando neles as funcións correspondentes.

2. Para a creación, supresión ou modificación destes órganos requirirase unha maioría de, ao menos, dous terzos dos votos dos membros do Pleno presentes ou representados.

3. O Pleno aprobará as normas de funcionamento dos órganos especializados que comprenderán a súa organización, os fins, as funcións, o réxime económico e as relacións cos seus membros. Para a súa aprobación requirirase unha maioría de dous terzos dos votos dos seus membros presentes ou representados.

Artigo 26. *Grupos de traballo.*

A Comisión Permanente poderá constituír grupos de traballo para o cumprimento de fins específicos e establecer a súa composición, obxectivos e normas de funcionamento.

TÍTULO III

Servizos e réxime económico-administrativo do Consello

Artigo 27. *Portelo único.*

1. O Consello Xeral disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto no artigo 10 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, os colexios territoriais poidan prestar aos colexiados unha plataforma para realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia.

2. A través do referido portelo único, para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, o Consello Xeral ofrecerá a seguinte información, de maneira clara, inequívoca e gratuíta:

a) O acceso ao Rexistro Xeral de Colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, ao menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais que posúan, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.

b) O acceso ao Rexistro Central de Sociedades Profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

c) As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpor en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o colexio profesional.

d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios a que os destinatarios dos servizos profesionais se poden dirixir para obter asistencia.

e) O contido dos códigos deontolóxicos.

3. O Consello Xeral deberá adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do previsto neste artigo e incorporar para iso as tecnoloxías precisas e crear e manter as plataformas tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas e a

accesibilidade das persoas con discapacidade. Para iso, os colexios profesionais e o Consello Xeral e, de ser o caso, os consellos autonómicos poderán pór en marcha os mecanismos de coordinación e colaboración necesarios, inclusive coas corporacións doutras profesións.

4. O Consello Xeral creará un rexistro central de colexiados dos colexios que conforman o Consello Xeral, en que consten o nome, o número de colexiado, o colexio de pertenza, así como o domicilio profesional e, de ser o caso, a sociedade profesional a que pertencen, así como as incidencias da vida colexial, como altas, baixas e suspensións do exercicio profesional. Sobre a base deste rexistro creárase o censo nacional de colexiados que, polo menos, se actualizará anualmente.

5. Para o cumprimento do disposto no artigo 10.4 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, para a elaboración dun censo xeral, os colexios territoriais facilitarán ao Consello Xeral e, de ser o caso, aos consellos autonómicos de colexios a información concernente ás altas, baixas dos colexiados e calquera outra modificación que afecte os rexistros de colexiados e de sociedades profesionais, para o seu cofecemento e anotación nos rexistros centrais de colexiados e de sociedades profesionais daqueles.

Artigo 28. *Memoria anual.*

1. O Consello Xeral estará suxeito ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, elaborará unha memoria anual que conterá, ao menos, a información seguinte:

a) Informe anual de xestión económica, que inclúa os gastos de persoal suficientemente desagregados e con especificación das retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables aos colexios desagregadas por conceptos e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, de ser o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou polas súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, de ser o caso, os motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido do seu código deontolóxico.

f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os conselleiros e demais cargos electivos do Consello.

Cando proceda, os datos presentaranse desagregados territorialmente por corporacións.

2. A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano, sen prexuízo das demais formas de publicidade que se dispoñan.

3. O Consello Xeral fará pública, xunto á súa memoria, a información estatística a que fai referencia o número un deste artigo de forma agregada para o conxunto da organización colexial.

4. Para os efectos de cumprir a previsión do número anterior e de acordo co previsto no artigo 11 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, os consellos autonómicos e os colexios territoriais facilitarán ao Consello Xeral a información necesaria para elaborar a memoria anual.

Artigo 29. *Atención aos consumidores ou usuarios.*

O Consello Xeral porá á disposición dos colexios os medios persoais e materiais que requiran para efectos de dar resposta ás queixas e reclamacións referidas á actividade

profesional ou colexial dos colexios, que sexan presentadas por calquera persoa ou entidade que contrate os servizos profesionais, así como por asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

Artigo 30. *Recursos económicos do Consello Xeral.*

Os recursos do Consello Xeral, de conformidade cos seus orzamentos, estarán constituídos:

a) Polas cotas periódicas e as derramas sinaladas aos colexios polo Pleno do Consello Xeral. Estas deberán ser satisfeitas trimestralmente polos colexios ao Consello Xeral.

O Pleno poderá reclamar a un colexio que efectúe os pagamentos e as declaracións trimestrais pendentes, como paso previo a unha reclamación xudicial destas. Desta proposta darase traslado ao colexio ou organización colexial respectiva para que, antes da reunión do Pleno e por un prazo de quince días, poida efectuar o seu informe ao respecto. Requirido fidedignamente o colexio, conforme o previsto pola lei, para o pagamento das cotas, se non o fai, exercerase a acción xudicial que corresponda.

b) Polas cotas periódicas dos membros inscritos nos rexistros do Consello. Entenderase que as cotas achegadas ao Consello Xeral terán un carácter finalista, polo que, detraídos os custos de estrutura, se aplicarán aos seus fins específicos.

c) Polas subvencións de todo tipo que lle poidan ser concedidas.

d) Polas doazóns e asignacións que poida recibir de entidades privadas ou de particulares.

e) Polas utilidades de publicacións, certificados, diplomas, selos profesionais, impresos e formularios para uso voluntario dos colexiados, así como congresos, xornadas, conferencias e outras que poidan xerar ingresos.

f) Por cantos outros recursos dos cales, de acordo coa lei, poida dispor.

Artigo 31. *Orzamentos.*

1. Os orzamentos anuais ordinarios e extraordinarios do Consello Xeral detallarán os ingresos e gastos previstos para o exercicio correspondente e integrarán todos os seus órganos e actividades.

2. De se iniciar un novo exercicio económico sen que se aprobe o orzamento correspondente, quedará prorrogado o do exercicio anterior até a aprobación do novo orzamento, salvo aquelas partidas que resulten da aplicación de disposicións vixentes en materia laboral ou outras.

Artigo 32. *Control de ingresos e gastos.*

As contas anuais do Consello Xeral serán examinadas e, de ser o caso, aprobadas polo Pleno e deberán ser, previamente, auditadas –segundo o disposto na Lei de auditoría de contas– por un auditor exercente inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, de conformidade co disposto respecto ao réxime de independencia contido na Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, e o resto de normativa que resulte de aplicación nesta materia.

TÍTULO IV

Procedemento e réxime de recursos

Artigo 33. *Recurso ordinario contra acordos dos colexios territoriais e consellos autonómicos.*

1. Contra os acordos dos colexios territoriais, dos consellos autonómicos ou de calquera órgano representativo de varios deles que non sexan directamente impugnables

ante a xurisdición contencioso-administrativa poderase interpor recurso ordinario ante o Consello Xeral de Economistas, de acordo co previsto nos propios estatutos dos respectivos colexios e nas leis aplicables.

2. Os recursos interporanse ante o colexio territorial ou consello autonómico ou órgano representativo correspondente que o elevará ao Consello Xeral co seu informe e serán resoltos pola Comisión Permanente deste, que poderá delegar por acordo esta facultade no presidente, dando conta ao Pleno. A súa resolución pon fin á vía corporativa.

Artigo 34. *Recurso ordinario contra acordos en materia de eleccións.*

1. Contra os acordos en materia de eleccións dos colexios territoriais, cando non poñan fin á vía corporativa, poderase interpor recurso ordinario cando así estea establecido nos correspondentes estatutos e sen prexuízo das competencias dos consellos autonómicos e colexios.

2. Os recursos interporanse ante a Comisión Permanente do Consello dentro dos tres días seguintes ao da súa notificación e correspóndelle a esta a súa resolución, que porá fin á vía corporativa

3. A Comisión Permanente está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala no prazo dun mes. Transcorrido ese prazo, será de aplicación o previsto nos artigos 21 e 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e sen prexuízo da obrigaçión de resolución expresa posterior ao vencemento do prazo.

Artigo 35. *Recurso contra acordos dos órganos especializados.*

Os acordos dos órganos especializados do Consello poderán ser impugnados mediante recurso ordinario, que se deberá interpor no prazo dun mes ante a Comisión Permanente do Consello nos termos que estableza a súa normativa constitutiva. A resolución do recurso pola Comisión Permanente pon fin á vía corporativa.

Artigo 36. *Recurso contra acordos dos órganos de goberno do Consello Xeral.*

1. Os acordos ditados polos órganos de goberno do Consello Xeral poderán ser impugnados mediante recurso ordinario, que se deberá interpor no prazo dun mes. A súa resolución corresponde ao Pleno ou á Comisión Permanente, segundo emanen dun ou doutro.

2. A resolución pon fin á vía corporativa. Poderán entón ser impugnados, cando estean suxeitos a dereito administrativo, ante a xurisdición contencioso-administrativa.

3. Os afectados polos actos e recursos do Consello Xeral de Economistas de España poderán coñecer o seu estado de tramitación, notificación e resolución a través do sistema de portelo único, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos nas leis xerais.

Artigo 37. *Tramitación.*

1. O recurso ordinario, excepto cando se refira ao proceso de eleccións, interporase no prazo dun mes con suxeición ás normas xerais da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. A Comisión Permanente está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala no prazo de tres meses. Transcorrido ese prazo, será de aplicación o previsto nos artigos 21 e 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e sen prexuízo da obrigaçión de resolución expresa posterior ao vencemento do prazo.

TÍTULO V

Réxime disciplinarioArtigo 38. *Competencia.*

1. O Consello Xeral de Economistas de España exerce a potestade disciplinaria para sancionar as infraccións en que incorran os membros dos órganos do Consello e os cargos das xuntas de goberno dos colexios na súa actividade colexial, sen prexuízo da lexislación autonómica ao respecto, segundo o establecido no artigo 4.1.E.

2. Corresponde á Comisión Permanente a apertura do expediente disciplinario e o nomeamento de instrutor e secretario, e ao Pleno, a resolución do expediente disciplinario, con imposición, de ser o caso, da sanción que corresponda.

Artigo 39. *Infraccións.*

As infraccións que poden ser obxecto de sanción disciplinaria clasifícanse en moi graves, graves e leves.

1. Son infraccións moi graves:

a) Os feitos constitutivos de delito, declarados mediante sentenza xudicial firme, como consecuencia da actividade colexial ou con ocasión dela ou que afecten o seu exercicio profesional.

b) O encubrimento da intrusión profesional, unha vez declarada a súa existencia por resolución xudicial firme e axustándose aos feitos declarados probados.

c) O uso do cargo ou función pública en proveito ou beneficio propio, unha vez declarado por resolución xudicial firme.

d) O incumprimento deliberado dos acordos de carácter obrigatorio adoptados polos órganos do Consello, cando produza ou sexa susceptible de producir prexuízos graves para a profesión ou comporte tal impedimento para o funcionamento regular do Consello e o cumprimento das funcións que ten encomendadas.

2. Son infraccións graves:

a) O incumprimento grave e reiterado dos acordos de carácter obrigatorio adoptados polos órganos de goberno da organización colexial en materia da súa competencia ou o incumprimento grave das obrigacións establecidas nestes estatutos.

b) O incumprimento reiterado e inxustificado das obrigacións económicas cos colexios ou destes co Consello Xeral.

c) A desconsideración ou ofensa graves que afecten a honra ou a dignidade dos membros dos órganos de goberno da organización colexial, no exercicio das súas funcións, así como cara aos compañeiros no desempeño da actividade profesional.

d) A competencia desleal, unha vez declarada a súa existencia por resolución xudicial firme e axustándose aos feitos declarados probados.

e) O incumprimento dos deberes ou incompatibilidades que por razón do seu cargo se deben observar, entre eles, o de segredo das deliberacións e acordos por parte dos membros do Consello e das xuntas de goberno dos colexios, cando se establece o carácter reservado.

3. Son infraccións leves:

a) As faltas de asistencia inxustificada ás reunións da Xunta de Goberno do Colexio ou do Pleno do Consello Xeral, cando excedan estas as oito ocasións durante un mesmo mandato.

b) As desconsideracións ou ofensas previstas na letra c) do número anterior que non revistan carácter de grave.

c) O mal uso dos bens mobles ou inmobles do Consello ou dos colexios.

- d) A falta de veracidade dos datos persoais subministrados ao Consello.
- e) Non aceptar, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno, o desempeño dos labores requiridos polo Consello ou polo Colexio.

Artigo 40. Sancións.

As sancións disciplinarias clasifícanse en leves, graves e moi graves.

- a) Son sancións leves: a amoestación privada e o apercibimento por escrito, mediante oficio do presidente, con anotación no expediente persoal.
- b) Son sancións graves: a suspensión dos dereitos colexiais até seis meses.
- c) Son sancións moi graves: a suspensión dos dereitos colexiais até dous anos, a inhabilitación para o exercicio de cargos corporativos até cinco anos e a expulsión do Colexio ou, de ser o caso, do Consello Xeral.

Artigo 41. Procedemento disciplinario.

1. Non se poderá impor ningunha sanción sen ter instruído un procedemento previo. Na súa tramitación garantiráselle ao suxeito expedientado, en todo momento, os seguintes dereitos:

- a) Á presunción de inocencia mentres non se demostre o contrario.
- b) A ser notificado dos feitos que se lle imputan, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, de ser o caso, se lle puideren impor.
- c) A ser notificado da identidade do instrutor, da autoridade competente para impor a sanción e da norma que lle atribúa tal competencia.
- d) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación do procedemento en que teña a condición de interesado e obter copias dos documentos e, así mesmo, copia selada dos que presente.
- e) A formular alegacións e presentar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de alegacións contra a proposta de sanción.
- f) A obter información e orientación xurídica sobre o modo de defender os seus intereses e dispor das suficientes garantías de defensa no expediente.
- g) A que a tramitación do procedemento sancionador teña unha duración non superior a seis meses salvo causa xustificada, da cal quede debida constancia no expediente, para a súa prórroga por un período non superior a outros tres meses.

2. As sancións leves poderanse impor nun procedemento abreviado, en que se verificará a exactitude dos feitos, se oír o presunto infractor, se comprobará se estes están tipificados nalgún dos supostos do artigo 39.3 destes estatutos e se sinalará a sanción correspondente.

Artigo 42. Recursos contra as resolucións sancionadoras.

- 1. As resolucións do Consello Xeral que impoñan sancións serán susceptibles de recurso nos termos e prazos previstos polo artigo 36 dos presentes estatutos.
- 2. As resolucións sancionadoras non serán executivas até que sexan firmes na vía colexial.
- 3. O Consello resolverá os recursos contra as resolucións sancionadoras no prazo de tres meses, quedando excluído do cómputo o mes de agosto. Transcorrido ese prazo sen que se ditase a resolución expresa, o interesado poderá interpor recurso contencioso-administrativo contra o acordo sancionador.

Artigo 43. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses; as graves, aos dous anos e as moi graves, aos tres anos, contados desde os feitos que as motivaron. Os ditos prazos comezarán a contar desde o día en que a infracción se cometeu. A incoación debidamente

notificada ao presunto infractor do procedemento disciplinario interrompe a prescrición, que se restablecerá se o dito procedemento estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

2. As sancións prescribirán, de non as facer efectivas a entidade colexial sancionadora, nos mesmos prazos que as infraccións segundo a súa clase, salvo a expulsión do colexio, que prescribirá aos cinco anos. O prazo comezará a contar desde o momento en que adquirise firmeza en vía colexial a resolución sancionadora e a prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, da súa execución, e restablecerase se esta se paraliza máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 44. *Anotación e cancelación das sancións.*

1. Todas as sancións disciplinarias se anotarán no expediente persoal do colexiado, con comunicación ao Consello e deste aos colexios no caso de que afecten o exercicio da profesión.

2. Os sancionados poderán pedir a cancelación da nota do seu expediente persoal, nos seguintes prazos contados desde o cumprimento da sanción:

- a) De ser por falta leve, aos seis meses.
- b) De ser por falta grave, aos dous anos.
- c) De ser por falta moi grave, aos catro anos.

3. Executada a sanción de expulsión, non se poderá solicitar a reincorporación a ningún dos colexios até transcorridos cinco anos, salvo que os seus estatutos sinalen outro prazo superior.

4. A cancelación de antecedentes realizarase despois da instrución dun procedemento en que o colexiado gozará dos mesmos dereitos que no procedemento incoado para a imposición da sanción. A resolución que se adopte será susceptible de ser impugnada na mesma forma que a resolución sancionadora.

Artigo 45. *Réxime supletorio.*

1. No non previsto no presente título e nos estatutos particulares dos colexios rexerán como supletorios a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e demais disposicións que sexan de aplicación.

2. Os colexios regularán nos seus respectivos estatutos o réxime disciplinario aplicable aos seus colexiados.

Disposición adicional primeira. *Denominacións.*

As referencias que conteñen os presentes estatutos aos colexios de economistas e aos colexios oficiais de titulares mercantís enténdense feitas a eles, con anterioridade ou posterioridade á súa unificación, calquera que sexa a denominación que cada colexio adopte no respectivo territorio.

Disposición adicional segunda. *Mayorías.*

Cando nos presentes estatutos se faga referencia a maiorías e estas non sexan cualificadas, entenderase que se trata de maioría simple.

Disposición adicional terceira. *Competencias dos consellos e colexios.*

O disposto nestes estatutos enténdese sen prexuízo das competencias dos colexios e consellos autonómicos, de acordo coa normativa aplicable a eles.

Disposición transitoria primeira. *Órganos de goberno.*

Durante o mes seguinte á publicación destes estatutos no *Boletín Oficial del Estado* a totalidade dos colexios deberá levar a cabo os procesos de elección dos membros do Pleno do Consello Xeral, e a composición do dito Pleno deberase adaptar ao disposto nestes estatutos. A composición do resto dos órganos de goberno do Consello Xeral de Economistas, tras a celebración das eleccións á Presidencia do Consello, adaptarase ao disposto nestes estatutos unha vez transcorridos doce meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Aprobación dos estatutos xerais da Organización Colexial de Economistas.*

Até a publicación dos estatutos xerais da Organización Colexial de Economistas a que se refire o artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, os colexios territoriais estarán formados por todos os colexiados que até agora pertencían aos colexios de economistas e aos colexios oficiais de titulares mercantís e por aqueles que, no momento da entrada en vigor da Lei 30/2011, tivesen recoñecido o dereito a colexiarse en calquera das dúas organizacións colexiais que se unifican, a de economistas ou a de titulares mercantís e, con carácter xeral, poderá incorporarse quen posúa algunha das titulacións seguintes: licenciado ou graduado en Economía, licenciado ou graduado en Administración e Dirección de Empresas, licenciado ou diplomado en Ciencias Empresariais, licenciado en Ciencias Actuariais e Financeiras, e licenciado en Investigación e Técnicas de Mercado, así como quen posúa calquera outro título universitario no campo da economía ou da empresa. Tamén se poderán incorporar aqueles aos cales se lles homologase un título estranxeiro ou posúan un título recoñecido para o exercicio da profesión. No caso de estranxeiros, esa incorporación entenderase sen prexuízo do cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa española en materia de establecemento e traballo dos estranxeiros en España.